

MOTHER MARY

David Lowery, 2025

1800

ESTREA EN NUMAX: 31.07.2026 | V.O.S.E. | +16 | 112 min

Feridas sepultadas hai moito volven abrirse cando a icónica estrela do pop Mother Mary (Anne Hathaway), a piques de regresar aos escenarios, se reúne con Sam Anselm (Michaela Coel), a súa mellor amiga e deseñadora de vestiario da que se tiña distanciado.

«Unha peza de cámara visualmente fascinante con grandes interpretacións de Anne Hathaway e Michaela Coel»

Clint Cage, IGN



A idea da perda

David Lowery é o pai de *Mother Mary* e se nos cinguimos exclusivamente ao fantástico e, en concreto, ás súas dúas obras máis populares, é doado identificar os sinais de identidade do seu cinema que, evidentemente, non é apto para todos os públicos. *Mother Mary* recupera o que semella un dos grandes temores do director: a idea da perda e a insupportable soidade derivada desta. En *A Ghost Story* (2017), o seu mellor traballo até a data, explorou isto até o extremo, dando como resultado un filme difícil de ver que dividiu o público entre quen o amaba e o odiaba a partes iguais. A min paréceme un filme desgarrador que amosa como poucos o que significa a soidade. En *Mother Mary* non bota man da morte e pon a lupa nunha ruptura sentimental entre dúas grandes amigas e como cada unha carga con conseguinte baleiro, un abismo sen fondo para quen non dá superado a perda.

Poderíamos dicir que *Mother Mary* é dalgún xeito o *Neon Demon* (2016) de Lowery, en especial se reparamos no aspecto visual e sonoro, dando ambos grande importancia á parte sensorial, non só como cosmético, senón tamén como ferramenta narrativa, amén da súa natureza alegórica. Aínda que tamén son filmes antagónicos xa que a enorme emotividade de Lowery contrasta coa aséptica frialdade de *Winding Rfne*. Se Elle Fanning foi a musa de *Rfne*, Lowery aposta por unha descomunal Anne Hathaway nun papel a medida para unha actriz tan dada ao rexistro dramático como ela. Aquí ademais de forzar o lagrimal agasállanos un traballo físico realmente potente que a converten no eixo vertebrador dunha función preciosista que nunca deixa de ofrecer viñetas para o recordo. Unha orxía de simbolismos na que Hathaway se deixa querer pola cámara coma ninguén. Ao seu carón, Michaela Coel, desvinculada por sorte do circo de *Wakanda*, dálle a notable réplica nun filme onde o diálogo entre ambos personaxes ocupa o groso da narración.

No visual, nada que obxectar. *Mother Mary* é unha película fermosa, sábeo e recreáese niso. A banda sonora acompaña, sonoridades de diva pop e temas sinxelos pero directos ao cerebelo que lonxe de ser mero aderezo, se converten noutro elemento fundamental da historia, dando forma a un fermoso envoltorio que alén das mil e unha formas de ilustralo, contan nada máis e nada menos que unha ruptura de parella e o posterior proceso de sanación, o que deriva nunha sorte de escenificación ritualística que serve para exorcizar os demos persoais das dúas protagonistas.

Mother Mary é por tanto outra obra atada á controversia coa que Lowery volverá a dividir. Algúns encontrarán nela unha experiencia sensorial enormemente emocionante, outros, un tostón baleiro que se apropia do fantástico para ofrecer un drama *random* sobre o desamor e as súas consecuencias. En calquera dos dous supostos, Lowery terá acadado os seus obxectivos, conseguindo para ben ou para mal, que o seu cinema volva estar en boca de todos neste 2026.

Publicado en elcuervoenteradillo.com